

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15787 *Real decreto 1285/2010, do 15 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguetes, en relación coas substancias ou mesturas utilizadas na súa fabricación.*

A preocupación por regular as cuestións relativas á seguridade dos xoguetes foi unha constante na lexislación de moitos países. En España xa se prevía no propio Código alimentario español, norma aprobada polo Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, en cuxo capítulo IX se regulaban as condicións xerais dos xoguetes, útiles de colexio e material de uso doméstico, e existían antecedentes aínda máis antigos que viñan demostrando esta preocupación. Máis próximo atopamos o Real decreto 2230/1985, do 6 de novembro, polo que se aprobaban as normas de seguridade dos xoguetes, material de uso infantil e artigos de broma, que supuxo un grande avance nas exixencias da seguridade que debían ter os xoguetes e que situou o noso país ao mesmo nivel de protección nesta materia que os países da nosa contorna.

A Directiva 88/378/CEE do Consello, do 3 de maio, harmonizou as distintas lexislacións nacionais dos Estados membros e tiña como finalidade establecer condicións dirixidas a un maior nivel de seguridade, ao mesmo tempo que supoñía evitar obstáculos no mercado interior e someter a circulación dos xoguetes a normas uniformes que protexesen a saúde e a seguridade dos consumidores. Esta directiva foi trasposta ao noso ordenamento nacional a través do Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, norma que foi modificada polo Real decreto 204/1995, do 10 de febreiro, tamén como consecuencia doutra transposición comunitaria, neste caso como consecuencia da Directiva 93/68/CEE, do 22 de xullo.

Posteriormente foron aprobadas outras directivas comunitarias sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos que finalmente foron harmonizadas polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro.

Finalmente, a Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, que, entre outras, modifica a Directiva 88/378/CEE para adaptala ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do 16 de decembro, obriga á modificación do Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, sendo este en consecuencia o obxecto do proxecto.

O artigo 7 da Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, establece que os Estados membros adoptarán e publicarán, como moi tarde o 1 de abril de 2010, as disposicións desta directiva, que debe ser aplicada a partir do 1 de xuño de 2010. No que se refire á modificación da Directiva 88/378/CEE, a modificación que debe ser levada a cabo está reflectida no artigo 2 da citada Directiva 2008/112/CE, do 16 de decembro.

Para darlle cumprimento ao disposto no artigo 7 da mencionada Directiva 2008/112/CE, do 16 de decembro, este real decreto incorpora á lexislación española os preceptos establecidos nela en materia de seguridade dos xoguetes.

Na tramitación deste real decreto déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados e foi sometida á consulta das comunidades autónomas e do Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Política Social e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguetes.*

O Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguetes, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os termos «preparado» ou «preparados» no sentido do artigo 3, número 2, do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derrogan o Regulamento (CEE) n.º 793/1993 do Consello e o Regulamento (CE) n.º 1488/1994 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión, substitúense respectivamente polos termos «mestura» ou «mesturas» en todo o texto.

Dous. Desde o 1 de decembro de 2010 e ata o 31 de maio de 2015, o Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguetes, modifícase nos seguintes termos:

a) Na sección 2 da parte II do anexo II, a letra b) substitúese polo texto seguinte:

«b) Os xoguetes non deberán conter, como tales, substancias ou mesturas que poidan chegar a ser inflamables como consecuencia da perda de compoñentes volátiles non inflamables se, por razóns imprescindibles para o seu funcionamento, en particular, os materiais e equipamentos para experimentos químicos, modelismo, modelaxe plástica ou cerámica, esmaltación, fotografía ou outras actividades similares, estes xoguetes conteñen mesturas perigosas, tal como se definen no Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou substancias que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas:

i) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8, tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13, categorías 1 e 2, 2.14, categorías 1 e 2, e 2.15, tipos A ao F.

ii) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10.

iii) Clase de perigo 4.1.

iv) Clase de perigo 5.1.»

b) Na sección 3 da parte II do anexo II, o parágrafo primeiro do punto 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. Os xoguetes non deberán conter mesturas perigosas no sentido do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, nin substancias que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008:

a) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8, tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13, categorías 1 e 2, 2.14, categorías 1 e 2, 2.15, tipos A ao F;

b) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10;

- c) Clase de perigo 4.1;
- d) Clase de perigo 5.1.

En cantidades que poidan prexudicar a saúde dos nenos que os utilicen. En calquera caso, está estritamente prohibido incluír nun xoguete esas substancias ou mesturas, se están destinadas a ser utilizadas como tales cando se usa o xoguete.»

- c) Na sección 4 do anexo IV, o título e a letra a) substitúense polo texto seguinte:

«4. Xoguetes que conteñan, como tales, substancias ou mesturas perigosas. Xoguetes químicos.

a) Sen prexuízo da aplicación das disposicións previstas polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008, nas instrucións de uso dos xoguetes que conteñan, como tales, mesturas perigosas ou substancias que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008:

- i) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8 tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13 categorías 1 e 2, 2.14 categorías 1 e 2, 2.15 tipos A ao F.
- ii) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10.
- iii) Clase de perigo 4.1.
- iv) Clase de perigo 5.1.

Incluirase unha advertencia sobre o carácter perigoso destas substancias ou mesturas, así como unha indicación das precaucións que deberá adoptar o usuario co fin de evitar os perigos que comporten, que se deberán especificar, de forma concisa, segundo sexa o tipo de xoguete. Mencionaranse tamén os primeiros auxilios que se deberán prestar en caso de accidentes graves provocados polo uso deses xoguetes. Indicarase, así mesmo, que eses xoguetes se deben manter fóra do alcance de nenos de moi curta idade.»

Tres. Desde o 1 de xuño de 2015, o Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguetes, modifícase nos seguintes termos:

- a) Na sección 2 da parte II do anexo II, a letra b) substitúese polo texto seguinte:

«b) Os xoguetes non deberán conter, como tales, substancias ou mesturas que poidan chegar a ser inflamables como consecuencia da perda de compoñentes volátiles non inflamables se, por razóns imprescindibles para o seu funcionamento, en particular, os materiais e equipamentos para experimentos químicos, modelismo, modelaxe plástica ou cerámica, esmaltación, fotografía ou outras actividades similares, eses xoguetes conteñen substancias ou mesturas que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas:

- i) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8 tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13 categorías 1 e 2, 2.14 categorías 1 e 2, 2.15 tipos A ao F.
- ii) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10.
- iii) Clase de perigo 4.1.
- iv) Clase de perigo 5.1.»

b) Na sección 3 da parte II do anexo II, o parágrafo primeiro do punto 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. Os xoguetes non deberán conter substancias ou mesturas que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008:

a) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8, tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13, categorías 1 e 2, 2.14, categorías 1 e 2, e 2.15, tipos A ao F.

b) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10.

c) Clase de perigo 4.1.

d) Clase de perigo 5.1.

En cantidades que poidan prexudicar a saúde dos nenos que os utilicen. En calquera caso, está estritamente prohibido incluír nun xoguete esas substancias ou mesturas se están destinadas a ser utilizadas como tales cando se usa o xoguete.»

c) Na sección 4 do anexo IV, o título e a letra a) substitúense polo texto seguinte:

«4. Xoguetes que conteñan, como tales, substancias ou mesturas perigosas. Xoguetes químicos:

a) Sen prexuízo da aplicación das disposicións previstas polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008, nas instrucións de uso dos xoguetes que conteñan substancias ou mesturas que reúnan os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo I do dito regulamento:

i) Clases de perigo 2.1 ao 2.4, 2.6, 2.7, 2.8, tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13, categorías 1 e 2, 2.14, categorías 1 e 2, e 2.15, tipos A ao F.

ii) Clases de perigo 3.1 ao 3.6, 3.7 Efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 Efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10.

iii) Clase de perigo 4.1.

iv) Clase de perigo 5.1.

Incluírase unha advertencia sobre o carácter perigoso desas substancias ou mesturas, así como unha indicación das precaucións que deberá adoptar o usuario co fin de evitar os perigos que comporten, que se deberán especificar, de forma concisa, segundo sexa o tipo de xoguete. Mencionaranse tamén os primeiros auxilios que se deberán prestar en caso de accidentes graves provocados polo uso deses xoguetes. Indicarase, así mesmo, que eses xoguetes se deben manter fóra do alcance de nenos de moi curta idade.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora parcialmente ao dereito español a Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, que modifica as directivas 76/768/CEE, 88/378/CEE e 1999/13/CE do Consello e as directivas 2000/53/CE, 2002/96/CE e 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello para adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ